

## ¿QUE É O LIXO MARIÑO?

Son residuos sólidos xerados polo home que, por diversas razóns, acaban abandonados en ambientes mariños ou costeiros.

### SABÍAS QUE...

O lixo mariño é un problema global tan importante como o cambio climático, a acidificación oceánica ou a perda de biodiversidade. **10 millóns de toneladas de lixo chegan anualmente aos mares e océanos**, sendo maioritarios os residuos de plástico.




Máis de **1 millón de aves mariñas** e **100.000 mamíferos mariños e tartarugas** morren cada ano por enredarse en lixo mariño ou por inxerilo.

O **80% do lixo mariño ten a súa orixe en terra**. Os residuos abandonados son arrastrados polo vento e a chuva aínda que vivas a moitos quilómetros terra adentro. O que botamos no inodoro pode rematar no mar formando parte do lixo mariño.

O **20%** do lixo mariño é resultado de actividades no mar como a pesca ou o transporte marítimo

**A solución principal reside en previr que aconteza e non só en limpar.**

Os custos de limpar as praias e os océanos asumímolos todos e non se poderán destinar a outras necesidades.



## PARTICIPAN:



Decálogo feito polo Grupo de Traballo de Lixo Mariño do CONAMA 2016



Edita:  
© Ministerio para la Transición Ecológica  
Secretaría General Técnica

Centro de Publicaciones  
Catálogo de Publicaciones de la Administración  
General del Estado:  
<http://publicacionesoficiales.boe.es>  
NIPO: 638-18-013-5

# Decálogo Ciudadán contra o lixo mariño



Ti formas parte da natureza,  
na terra deixa só as túas pegadas e no mar o teu ronsel.

## ¿QUÉ PODES FACER?

1.

**Pensa globalmente,  
actúa localmente**

**e asume a túa responsabilidade.**

O noso comportamento é fundamental para previr o problema do lixo mariño.



2.

**Deposita  
os produtos hixiénicos  
na papeleira, nunca no inodoro**

Os bastonetes, toallíñas, compresas e similares causan danos e avarías na rede de saneamento e poden rematar no mar, causando graves problemas ambientais e ateigando as redes dos pescadores.



3.


**Se che gusta pescar,  
sé coidadoso cos teu aparellos**

Se caen ao mar, os animais mariños poden quedar atrapados entre cabos e sedelas ou inxerir os anzois.



4.

**Consume  
de xeito responsable**  
Infórmate e decide.



5.

Aplica nos teus hábitos de consumo a **regra das 3R**

- **reduce, reutiliza e recicla**

e estarás contribuíndo a minimizar o lixo mariño, que en moitas ocasións ten a súa orixe no teu domicilio.



6.

**Goza da natureza  
con responsabilidade**

**Non abandones as túas cabichas,  
envoltorios ou calquera outro lixo  
na praia, nos ríos ou no mar.**

Ten sempre previsto o lugar onde os vas depositar.



7.


**Únete á ciencia cidadá**

Para previr é preciso coñecer, e todos podemos contribuír a saber máis sobre o lixo mariño de xeito sinxelo.

**Ser un cidadán científico é axudar a coñecer mellor a cantidade, os tipos e as zonas de acumulación do lixo mariño.**

Infórmate a través da Asociación Española de Lixo Mariño.

[www.aebam.org](http://www.aebam.org)



8.

**Podes recoller algúns residuos**

que atopes nos teus paseos pola costa **ou unirse ás campañas locais de limpeza.**



9.

**Educa aos nenos e xoves no respecto á natureza**

e, co teu exemplo, inflúe nos teus amigos e compañeiros **para evitar o abandono de residuos.**



10.

**Cando navegues,  
non botes os teus residuos á auga**

Recólleos e, ao volver ao porto, deposítaos onde corresponda.

